



Concello de Ortigueira

ACTA MESA DE CONTRATACIÓN

Na Casa do Concello, sendo as catorce horas e trinta e tres minutos do día cinco de xullo do dous mil vinte e tres reúnese a Mesa de Contratación prevista no prego que regula o procedemento aberto, con tramitación urxente, para a adxudicación da concesión dos servizos de hostalería e restauración vinculados ao Festival Internacional do Mundo Celta 2023

ASISTEN:

PRESIDENTE: Jaime Vicente Ponce Piñón, tenente de alcalde (por delegación do Sr.Alcalde)

VOGAIS:

- Javier Lopez Mera, secretario xeral do Concello
- Silvia Lamelas Soto, interventora do Concello
- Alberto José Balboa Rodriguez, técnico municipal e director do Festival

SECRETARIA DA MESA: Maria Luisa Sierra Vale, funcionaria do Concello

Polo Presidente declarase constituída a Mesa de Contratación xa que se cumpre co quórum requirido, procedéndose a tratar os asuntos da orde do día:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DIA 13.06.2023:

Non se fan observacións a acta da sesión do día 27 de xuño de 2023 polo que entendese aprobada por unanimidade

2.- CUALIFICACIÓN DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE CUMPRIMENTO DE REQUISITOS PARA RESULTAR ADXUDICATARIO E NO SEU CASO PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN LOTE 1

Pola secretaria informase que de conformidade co acordado pola mesa de contratación o día 28.06.2023 requiriuse a licitadora Eventos y Hostalería Trastoy SL para que no prazo de cinco días hábiles, contados dende o envío do requirimento con aviso a dirección correo electrónico indicado, presente de xeito telemático no rexistro xeral do concello, a seguinte documentación:

- Fianza definitiva por importe de 4.500 euros
- Documentación xustificativa de dispor a solvencia económica e financeira e a solvencia técnica

Dito requirimento foi remitido o día 27.06.2023 e consta acuse de recibo por parte da licitadora na mesma data.

O día 29.06.2023 número de rexistro 2023-E-RE-1169 e o día 03-07.2023 número de rexistro 2023-E-RE.1197 a licitadora presentou a documentación que estimou oportuna en cumprimento do requirimento. A documentación está presentada dentro do prazo regulamentario

A Mesa de Contratación, examina dita documentación, e comproba que se achega:

-Fianza definitiva: Transferencia de entidade financeira a favor do concello do día 29.06.2023 por importe de 4.500 euros. Asemade consta carta de pago expedida pola Tesourería municipal o día 29.06.2023

Solvencia económica e financeira: Declaración responsable de que os estratos das contas de perdas e ganancias anos 2019,2020, 2021 e 2022 se corresponden cos que figuran nas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil acompañada dos estratos. Comprobase que segundo consta da conta de perdas e ganancias do ano 2022 o volume de negocios é superior a 1,5 do valor estimado do contrato (superior a 135.000 euros)



Concello de Ortigueira

Solvencia técnica e profesional: Declaración responsable dos principais traballos, declaracións responsables emitidas por entidades privadas nas que se fai constar que a licitadora prestou servizos de Bar e o importe do mesmo, a suma dos importes que constan en ditas declaracións superan o 70% da anualidade media do valor estimado do lote ao que se opta.

Asemade consta informe da Tesoureira municipal de data 04.07.2023 no que consta que a licitadora EVENTOS Y HOSTALERIA TRASTOY SL non ten débedas pendentes co concello de Ortigueira.

En consecuencia, a vista de dita documentación así como a examinada nas sesións dos días 13 e 27 de xuño de 2023, a Mesa de Contratación, realiza ao órgano de contratación a seguinte proposta de resolución:

1º- Admitir no procedemento aberto, con tramitación urxente, para a adxudicación da concesión dos servizos da hostalería e restauración vinculados ao Festival Internacional do Mundo Celta, para o lote 1 Barras zona de concertos (Alameda) a oferta presentada por Eventos y Hostalería Trastoy SL

2º- clasificar as proposicións presentadas para o Lote 1 Barras zona de concertos (Alameda) segundo a seguinte táboa

Licitadora	Canon	Pun. Of	Melloras	Pun Melloras	TOT
Eventos y Hostalería Trastoy SL	27.150	90	SI	10	100

3º.- Declarar que a licitadora Eventos y Hostalería Trastoy SL xustifica o cumprimento dos requisitos para resultar adxudicatario do lote 1 Barras zona de concertos (Alameda)

4º. Adxudicar o contrato de concesión dos servizos de hostalería e restauración vinculados ao Festival Internacional do Mundo Celta 2023.- Lote 1 Barras zona concertos (Alameda) a favor de Eventos y Hostalería Trastoy SL con CIF B70346127, nas seguintes condicións:

- Canon: 27.150 euros máis IVE
- Melloras na prestación do servizo: Dispensar en todos os postos, de forma gratuíta, a cago do concesionario, auga mineral embotellada en envases individuais.

5º.- Aprobar, de conformidade co disposto no prego de prescricións técnicas e da oferta presentada, as seguintes tarifas:

1. Caña de cervexa 33cl Estrella Galicia: 2 €
2. Caña de cervexa 1L Estrella Galicia: 5 €
3. Caña de cervexa sen gluten 33cl Estrella Galicia: 2 €
4. Caña de cervexa sen alcohol 33cl Estrella Galicia: 2 €
5. Auga mineral embotellada 33cl Cabreiroá: GRATIS
6. Refrescos Coca-Cola Company (cola, limón, laranxa, zumes, bebidas isotónicas, etc) 33cl: 1,50 €
7. Combinados 33cl: 5 €
8. Chopo licor: 3 €
9. Monster: 3 €
10. Combinados 1l: 12 €
11. Vermú: 3 €

6º.- Requerir ao adxudicatario para que, non máis tarde dos cinco días hábiles seguintes a aquel no que reciba a notificación da resolución de adxudicación, proceda á formalización do contrato mediante a súa sinatura dixital, para o que esta entidade local lle remitirá o correspondente documento

7º.- Dispor a publicación de la te resolución no perfil de contratante

3.- CUALIFICACIÓN DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE CUMPRIMENTO DE REQUISITOS PARA RESULTAR ADXUDICATARIO E NO SEU CASO PROPOSTA DE



Concello de Ortigueira

ADXUDICACIÓN LOTE 3

Pola secretaria informase que de conformidade co acordado pola mesa de contratación o día 28.06.2023 requiriuse a licitadora Grupo Bacoga Galicia SL, para que no prazo de cinco días hábiles, contados dende o envío do requirimento con aviso a dirección correo electrónico indicado, presente de xeito telemático no rexistro xeral do concello a seguinte documentación:

- Documentación xustificativa da capacidade de obrar (cláusula 21.1.1 do prego de cláusulas administrativas)
- Documentación xustificativa do poder de representación (cláusula 21.1.2 do prego de cláusulas administrativas)
- Documentación xustificativa de non estar incurso en prohibicións para contratar ou incompatibilidades (cláusula 21.1.4 do prego de cláusulas administrativas)
- Documentación xustificativa de cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social (cláusula 21.1.9 do prego de cláusulas administrativas)
- Fianza definitiva por importe de 1.000 euros
- Documentación xustificativa de dispor a solvencia económica e financeira e a solvencia técnica
- Habilitación empresarial: carné de manipulador de alimentos ou similar do persoal encargado da xestión

Dito requirimento foi remitido o día 27.06.2023 e consta acuse de recibo por parte da licitadora na mesma data.

O día 03.07.2023 números de rexistro 2023-E-RE-1192 e 2023-E-RE.1196 a licitadora presentou a documentación que estimou oportuna en cumprimento do requirimento. A documentación está presentada dentro do prazo regulamentario

A Mesa de contratación, examina dita documentación e comproba que se achega:

Capacidade de obra: Escritura de constitución e CIF da empresa. Na escritura de constitución consta o obxecto social “*la compraventa y comercializacion al mayor o menor de productos de alimentación en general*”

Representación: Escritura de nomeamento de administrador único e DNI do mesmo. Na escritura consta a dilixencia do Rexistro Mercantil de Santiago de inscrición de devandito poder. O poder non está bastantado. Non obstante xa que no prego de cláusulas administrativas establececese que “con carácter excepcional os documentos acreditativos de representación poderán ser cualificados no seo da Mesa de Contratación polo Secretario da Corporación”, neste acto o secretario municipal procede ao bastantado do poder e deixa constancia de que o poder outorgado ante o notario Francisco Lopez Moledo, o día 07.11.2019 co número 3055 do seu protocolo é bastante para que don José Baliña Mourelle concorra en representación da entidade GRUPO BACOGA GALICIA SL a concursos, subastas e demais licitacións que convoque o Concello de Ortigueira e que correspondan ao obxecto social da Entidade.

Asemade deixase constancia que se debe requirir a Grupo Bacoga Galicia SL para que proceda ao pagamento da taxa establecida para bastantado de poderes.

Habilitación empresarial: Certificado oficial de manipulador de José e Eduardo Baliña Mourelle

Prohibición para contratar ou incompatibilidades. Declaración responsable e copia do Deuc presentado no seu momento da plataforma de contratación do estado

Solvencia económica e financeira: Xustificante de depósito de contas anos 2021, 2020 e 2019 do





Concello de Ortigueira

Registro Mercantil de Santiago. No correspondente ao ano 2021 consta un importe de volume de negocios superior so 1,5 do valor estimado do presente contrato

Solvencia técnica: Declaración responsable facendo constar que realizou traballos por importe superior ao 70% da anualidade media do valor estimado do lote ao que opta. Non presenta xustificación de ditos traballos

Alta IAE: Certificado da AEAT do 03.07.2023 no que constan os epígrafes así como a exención concedida segundo art. 82.1.c. LRHL

Obrigas tributarias coa seguridade social: Certificado expedido da AEAT, con carácter positivo, de data 03.07.2023, certificado expedido pola Tesourería da seguridade social, carácter positivo, de data 03.07.2023. Asemade consta informe da Tesoureira municipal de data 04.07.2023 no que consta que a licitadora GRUPO BACOGA GALICIA SL non ten débedas pendentes co concello de Ortigueira.

Fianza: Transferencia de entidade financeira a favor do concello do día 30.06.2023 por importe de 1.000 euros. Asemade consta carta de pago expedida pola Tesourería municipal o día 30.06.2023

A vista de citada documentación, a Mesa de Contratación estima que a licitadora non xustifica a súa solvencia técnica de conformidade co establecido no prego de cláusulas administrativas particulares, (certificados expedidos por entidades tanto do sector publico como privado ou documentos que acrediten a realización da prestación)

En consecuencia, a Mesa de Contratación por unanimidade, acorda:

REQUIRIR a licitadora a Grupo Bacoga Galicia SL, para que no prazo de un día hábil, contado dende o envío do requirimento con aviso a dirección correo electrónico indicado, emende as deficiencias detectadas na xustificación de dispor a solvencia técnica para resultar adxudicatario e presente de xeito telemático no rexistro xeral do concello a seguinte documentación:

- Certificados expedidos por entidades tanto do sector publico como privado ou documentos que acrediten a realización da prestación

E non habendo máis asuntos que tratar, o presidente levanta a sesión sendo as quince horas ee trinta e nove minutos estendéndose a presente acta, do que, como secretaria da Mesa, certifico

